



Ponte deume

BANDO DA ALCALDÍA

ASUNTO. - MURO DE CONTENCIÓN RÚA FONTENOVA

O pasado mes de marzo debido a un despredemento de terras, provocouse o colapso de parte do muro de contención da rúa Fontenova na súa confluencia con Souto da Vila.

Dende o Concello se analizaron os aspectos técnicos relativos á situación, co fin de facer o diagnóstico necesario para proceder á reparación do indicado muro.

Con carácter previo á execución das obras é necesario redactar a correspondente memoria valorada e a tramitación administrativa preceptiva, na que se require contar con autorización sectoriais.

Unha vez rematados os trámites legais, procederase a iniciar os traballos, á maior brevidade.

O que se fai saber aos efectos oportunos.

En Pontedeume, a 21 de maio de 2024

O Alcalde,
Bernardo Fernández Piñeiro.